

II XORNADA SOBRE VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO

9 de outubro

Salón de graos da Facultade de Filoloxía

BREVE APROXIMACIÓN Á VARIACIÓN DO LÉXICO DISPOÑIBLE NA POBOACIÓN URBANA

NURIA GARCÍA GARCÍA (ILG, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

O obxectivo deste traballo é achegarnos ao léxico dispoñible do galego nos estudantes procedentes de espazos urbanos e analizar a variación presentada con respecto á lingua inicial de cada un/ha: ben galega, ben castelán; ademais de comparalo co léxico dispoñible do galego no alumnado de ámbito rural. Preténdese, polo tanto, ofrecer uns datos que poidan ser de interese para aproximarnos á variación léxica na poboación urbana.

O método empregado é a recollida de información a través da aplicación de acceso libre Dispogal, onde é posible acceder aos datos do proxecto Léxico dispoñible do galega (López Meirama e Álvarez de la Granja, 2014). A aplicación permite seleccionar, un por un, diferentes ámbitos léxicos polos que foron preguntados os/as estudantes, así como filtrar os datos por diferentes variables, tanto sociais como sociolingüísticas, entre as que se atopan aquelas que serán de maior interese para o noso cometido, como o tipo de poboación (urbana, rural...) ou a lingua inicial das persoas informantes. A realización de diferentes buscas con cadansúa selección de tipo de variables posibilita recoller diferentes datos para posteriormente analizar e comparar.

Os resultados derivados permiten achegarnos ao nivel de presenza de castelanismos, ás innovacións léxicas ou ao mantemento de formas propias do galego tradicional en función das variables analizadas, así como chegar a unhas conclusións que quizais poderían incentivar novos traballos no eido da variación léxica do galego en ámbitos urbanos.